

REGULAMENTO DA XIII LIGA

AMOU

ASOCIACIÓN CULTURAL MUSEIROS DE OURENSE



BORRADOR.2017.06.15



INDICE

| | |
|--|-----------|
| CAPÍTULO I. DA LIGA EN XERAL | 3 |
| Artigo 1. Obxeto..... | 3 |
| Artigo 2. Órganos da Liga..... | 3 |
| Artigo 3. Os equipos..... | 3 |
| Artigo 4. Os Capitáns..... | 4 |
| Artigo 5. Comisión disciplinaria..... | 4 |
| Artigo 6. Inscripción de Equipos..... | 5 |
| Artigo 7. Inscripción de Xogadores. | 6 |
| CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN DA LIGA | 7 |
| Artigo 8. Inicio da nova tempada..... | 7 |
| Artigo 9. Estrutura..... | 7 |
| 9.1 Primeira división | 7 |
| 9.2 Segunda división..... | 7 |
| 9.3 Ascensos, descensos e promocións..... | 8 |
| Artigo 10. Clasificación..... | 8 |
| 10.1 Clasificación Final | 9 |
| 10.2 Distribución dos grupos de segunda división | 9 |
| Artigo 11. Baixa de equipos | 9 |
| Artigo 12. Criterios para o desempate entre dous equipos..... | 10 |
| Artigo 13. Criterios para o desempate entre mais de dous equipos | 10 |
| CAPÍTULO III. A XORNADA DE LIGA | 11 |
| Artigo 14. Horarios..... | 11 |
| Artigo 15. Protocolo de enfrontamentos..... | 11 |
| Artigo 16. Os xogadores..... | 11 |
| Artigo 17. Regulamento de xogo | 12 |
| Artigo 18. Puntuación. | 12 |
| Artigo 19. Actas..... | 12 |
| Artigo 20. Comunicación de Resultados. | 12 |
| Artigo 21. Incidencias..... | 13 |
| Artigo 22. Protocolo de actuación en caso de conflito ou incidencias. | 13 |
| CAPÍTULO IV. RÉXIME DISCIPLINARIO | 14 |
| Artigo 23. Normas xerais..... | 14 |
| Artigo 24. Protocolo de actuación da Comisión Disciplinaria. | 14 |
| Artigo 25. Tipos de infraccións..... | 14 |
| Artigo 26. Tipos de sancións. | 14 |
| Artigo 27. Infraccións LEVES..... | 14 |
| Artigo 28. Infraccións GRAVES. | 15 |
| Artigo 29. Infraccións MOI GRAVES. | 15 |



CAPÍTULO I. DA LIGA EN XERAL

Artigo 1. Obxeto.

O presente documento recolle as directrices para a organización da actividade da Liga de mus por equipos da Asociación Cultural Museiros de Ourense (AMOU).

Artigo 2. Órganos da Liga.

As figuras que participan na Liga de mus son as que seguen:

- **Xogadores:** Serán asociados da AMOU que se agruparán en **Equipos**. Para poder disputar a Liga é condición imprescindible ser socio.
- **Capitán:** Será o representante do equipo a efectos de coordinación co resto de equipos e órganos da Liga. Pola súa condición de capitáns, son membros da Comisión da Liga.
- **Xerente:** Representante da Sede encargado de dispor dos medios necesarios para o correcto desenrolo da xornada de Liga (dispoñibilidade de mesas, cartas, amarracos, tapetes...). O non cumprimento do exposto anteriormente de xeito reiterado será motivo de sanción con veto á Sede.
- **Comisión da Liga (CL):** Constituída segundo o Artigo 24 do regulamento do Réxime Interno da AMOU. Asistirá ás reunións da CL o Presidente da AMOU (ou persoa na que delegue) con voz pero sen voto.
- **Comisión Disciplinaria (CD):** Constituída ao amparo do Artigo 25 do regulamento do Réxime Interno da AMOU e desenrolado no Artigo 4 do presente Regulamento de Liga.
- **Xunta Directiva:** Órgano da Asociación que dirixe a AMOU e Organiza a Liga.

Artigo 3. Os equipos.

Os equipos que participen na Liga da AMOU, deberan ter un mínimo de 10 xogadores.

Os dereitos e obrigas dos equipos respecto da tempada anterior (clasificacións e sancións) pertencenlle ao conxunto dos xogadores do equipo.

O cambio de sede ou nome do equipo non supón que o equipo sexa considerado un novo equipo (equipo de nova creación), excepto si así o solicitan expresamente.

No caso de que os xogadores de un equipo se disgreguen, os dereitos do equipo manterao o grupo de xogadores que, de mutuo acordo, así o decidan. De non chegar a un acordo entre eles, decidírase segundo estes criterios:

- 1) Os xogadores que acumulen mais partidas xogadas co equipo nas dúas últimas tempadas.
- 2) En caso de empate no anterior, os que acumulen mais partidas co equipo na tempada anterior.
- 3) En caso de empate no anterior, os que teñan o maior número de xogadores.
- 4) En caso de empate no anterior, os que manteñan a mesma Sede.
- 5) En caso de empate no anterior, os de maior antigüidade na Asociación.
- 6) En caso de empate no anterior, decidírase por sorteo.

Para manter os dereitos do equipo, na nova formación, deberán quedar alo menos o 25% dos xogadores e acumular a lo menos o 35% das partidas xogadas do equipo na tempada anterior. En outro caso, considerarase equipo de nova creación.



Artigo 4. Os Capitáns.

Son os representantes dos equipos a efectos de coordinación co resto de equipos e órganos da Liga. Pola súa condición de capitáns, son membros da Comisión da Liga. Cada equipo deberá nomear (ademais do Capitán) un Capitán suplente para que, en caso de ausencia do Capitán titular, cumpra coas obrigas inherentes ao cargo de Capitán a tódolos efectos.

Tódolos capitáns deberán facilitar unha dirección de correo electrónico a efectos de enviar e recibir as notificacións oficiais da AMOU. A dirección de correo electrónico facilitada por cada Capitán será comunicada ao resto dos Capitáns e membros da Xunta Directiva. Non caso de que non dispoña dunha dirección de correo electrónico, poderá solicitar a Xunta Directiva que lle facilite unha da AMOU. No mesmo xeito deberá ter instalado no seo teléfono móbil a aplicación TELEGRAM e incluírse no grupo da XI liga de Mus para maior rapidez nas comunicacións entre capitáns.

É responsabilidade do Capitán:

- Realizar a inscrición do equipo na Liga segundo o establecido no Artigo 5.
- Entregar á AMOU as fichas de inscrición dos xogadores que compoñen o equipo, debidamente cumprimentadas e asinadas.
- Recadar as cotas do equipo e dos xogadores e realizar os correspondentes ingresos na conta bancaria da AMOU nos prazos indicados no Artigo 6.
- Comunicar en tempo e forma as altas de baixas dos xogadores do seu equipo.
- Comunicar á AMOU quen é o Capitán suplente no momento de inscrición dos integrantes do equipo.
- Enviar á AMOU en tempo e forma os resultados das partidas disputadas polo seu equipo.
- Comprobar nas notificacións que se envían que os datos referentes ao equipo do que é Capitán, os seus propios datos e mailos datos dos xogadores que compoñen o equipo son correctos, solicitando a corrección dos datos erróneos.
- Revisar periodicamente as notificacións enviadas ao correo electrónico facilitado ou o grupo da aplicación TELEGRAM.
- Organizar os xogadores do seu equipo para que o día sinalado para disputar as partidas, o equipo, dispoña dos xogadores necesarios.
- Firmar a Acta de cada Xornada.
- En caso de ausencia do Capitán titular é suplente, estes delegarán puntualmente as súas funcións nun xogador presente na xornada de competición.

Son dereitos dos capitáns:

- Ser notificado con antelación de abondo das reunións nas que teña que participar, e dos informes enviados polos capitáns para o seu estudio.
- Que nas actas das reunións, sexan incluídas as súas intervencións, de xeito resumido si son verbais e de xeito integro no caso de facilitalas por escrito na mesma reunión ou con anterioridade.
- Que conste na acta ou resolucións a xustificación do seu voto particular.

Artigo 5. Comisión disciplinaria.

Estará composta por cinco membros e dous suplentes.

O Presidente da Comisión disciplinaria deberá ser un vocal da Xunta Directiva da AMOU, designado pola Xunta Directiva.



O resto dos membros da CD, serán elixidos entre os capitáns con unha antigüidade mínima de dous anos como capitán dos equipos participantes na Liga de mus na reunión da Comisión da Liga convocada a tal efecto ou como máximo antes do sorteo inicial da Liga do seguinte xeito: Solicitarase aos capitáns que se presenten voluntariamente para o cargo. No caso de que se presenten mais de catro, a Comisión da Liga, mediante votación elixirá os catro membros entre os presentados. A perda de condición de Capitán suporá o cese como membro da CD. No caso de non haber voluntarios suficientes, os membros da CD serán elixidos por sorteo entre os capitáns que non houberan formado parte desta comisión, elixindo en primeiro lugar os titulares e despois os suplentes. No caso de non haber capitáns candidatos con antigüidade superior aos dous anos poderán admitirse capitáns con antigüidade menor.

A Comisión desenrolará as súas funcións ata que sexa elixida unha nova comisión, no comezo da seguinte Liga de mus, ou por dimisión ou cese de 3 dos seus membros.

Será deber da CD, estudar e resolver os conflitos, propoñendo de maneira razoada á Xunta Directiva as sancións a impoñer a equipos ou xogadores.

A Comisión Disciplinaria propondrá resolucións á Xunta Directiva sobre o resto de torneos e campionatos que celebre a AMOU agás que exista unha comisión específica para o evento. No caso de que este implicado o equipo de algún membro da CD, este non poderá tomar parte nas deliberacións nin nas decisións da CD.

Para elevar as propostas, a Comisión Disciplinaria deberá reunirse cun mínimo de 3 membros, debendo ser un deles o Presidente da Comisión Disciplinaria ou persoa en quen delegue por cuestións de incompatibilidade.

Son dereitos dos membros da CD:

- Ser informado das modificacións introducidas nos diferentes regulamentos
- Ser notificado con antelación de abondo das reunións nas que teña que participar, e dos informes enviados polos capitáns para o seu estudio.
- Que conste na acta ou resolucións a xustificación do seu voto particular.

Artigo 6. Inscripción de Equipos.

A inscrición de equipos estará aberta dende o día seguinte á Festa de Clausura da tempada anterior ata o 7 de Xullo, sendo este o último día para formalizar a inscrición dun equipo para a seguinte tempada de Liga de mus.

Será deber do Capitán ou representante do equipo formalizar a inscrición do equipo abonando a cota de inscrición correspondente ao equipo e remitindo por correo electrónico á AMOU (info@museirosourense.org) indicando os seguintes datos:

- **Nome do equipo:** será o que se utilizará pola AMOU. No caso de cambio de nome dun equipo, deberá indicarse ademais o nome co que se disputou a anterior tempada, aos efectos de manter a clasificación obtida.
- **Datos completos da SEDE do equipo:** Nome, Enderezo completo, Nome do Xerente, Número de teléfono e enderezo electrónico (no caso de dispor de páxina web, redes sociais ou similares pode facilitalo co fin de publicitar estes datos na páxina web da AMOU).



Artigo 7. Inscripción de Xogadores.

A inscrición de xogadores estará aberta dende que se formalice a inscrición do equipo ata o 31 de Xullo, sendo este o último día para formalizar a inscrición dos xogadores nun equipo para a seguinte tempada de Liga de mus.

Será deber do Capitán ou representante do equipo formalizar a inscrición dos xogadores, que realizará enviando por correo electrónico á AMOU (info@museirosourense.org) o que sigue:

- **Xogadores que permanecen no equipo:** Será necesario indicar que xogadores permanecen no equipo. No caso de que algún xogador desexe modificar algún dos datos da ficha respecto a anos anteriores (Alias, e-mail, teléfono...) deberá cubrir unha nova ficha e remitila.
- **Xogadores que cambian de equipo e xa pertencen a AMOU:** Será necesario indicar os datos do xogador e volver a cumprimentar a ficha e remitila.
- **Xogadores que se incorporan a AMOU:** Será necesario indicar os datos do xogador, cumprimentar a ficha e remitila.
- **Xogadores que cambian de equipo de unha vez iniciada a Liga:** Será necesario indicar os datos do xogador, cumprimentar a ficha e remitila. Deberá respectar as seguintes condicións:
 1. Soamente se admite un cambio de equipo por xogador e tempada.
 2. Non poderá haber disputado mais de 4 partidas co equipo de orixe.
 3. O cambio de equipo deberá realizarse con anterioridade ao día 1 de xaneiro.
- **Xogadores procedentes de un equipo que soamente dispute a Copa:** Admitirase que un xogador que dispute a Copa nun equipo que non estea disputando a Liga, poda incorporarse a outro equipo da Liga, unha vez que o primeiro quede eliminado da competición de Copa.

O Capitán dos xogadores inscritos en tempo e forma, terá o mes de setembro para entregar as fichas que faltasen e abonar as cotas de ditos xogadores.

Os xogadores que se inscriban a posteriori desa data, terán 4 días para entregar a ficha de inscrición correctamente cumprimentada (no caso de novos socios) e abonar a cota de socio na conta bancaria da AMOU.

*As fichas de inscrición atópanse a disposición dos socios na web da AMOU www.amou.gal AMOU – Documentos AMOU, na sección **FORMULARIOS DE INSCRIPCIÓN** no seguinte enlace: www.museirosourense.org/web/amou/socios/



CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN DA LIGA

Artigo 8. Inicio da nova tempada.

O sorteo realizarase de xeito público antes do primeiro xoves de setembro.

Realizarase unha reunión posterior ao dito sorteo e previa a primeira xornada de Liga, como Acto de inicio da nova tempada con unha xunta da Comisión da Liga; neste acto entregaranse aos Capitáns a seguinte documentación:

- Actas oficiais dos enfrontamentos de cada xornada.
- Fichas de axuda para anotación dos resultados nas partidas.
- Regulamentos en vigor para a nova tempada.

As actas oficiais deberán permanecer na Sede do equipo a disposición da CD ou XD.

A primeira xornada de Liga disputarase o primeiro xoves de setembro.

Artigo 9. Estrutura.

A Liga organizarase en dúas divisións. A primeira división estará formada por un grupo de 20 equipos. A segunda división estará formada polo resto de equipos inscritos divididos en tres grupos de número similar de equipos.

Este sistema é de aplicación para un número de equipos comprendido entre 41 e 50 (ambos incluídos).

9.1 Primeira división

Un único grupo de 20 equipos que xogarán a dobre volta todos contra todos, disputándose un total de 38 xornadas. Rematada a **fase regular**, os equipos que promocionen xogarán as partidas da promoción (2 xornadas mais).

9.2 Segunda división

Tres grupos de número similar de equipos de entre 7 e 10 equipos por grupo.

Fase regular:

Xogarán a ida contra tódolos equipos de segunda división e a volta unicamente contra os equipos do propio grupo. Rematada a fase regular os equipos clasificados 1º e 2º de cada grupo ascenderán directamente e os equipos clasificados 3º e 4º promocionarán con equipos de primeira división.

O número de xornadas totais (mínimo 27 máximo 38) dependerá do número de equipos (mínimo 21 máximo 30).

Fase clasificatoria:

Sendo necesario obter unha clasificación de tódolos equipos, xogarán as partidas necesarias para completar a dobre volta nas franxas de equipo segundo o cadro adxunto para dilucidar as posicións que nel se indican (4 xornadas mais).

Esta liguíña da fase clasificatoria computará as partidas entre os equipos que compoñen cada franxa clasificatoria disputados na fase regular e mailos catro enfrontamentos que completan a dobre

| | A | B | C | |
|---------------|-----------|-----------|-----------|-------------|
| do 1º ao 6º | 1º 2º | 1º 2º | 1º 2º | Ascenden |
| do 7º ao 12º | 3º 4º | 3º 4º | 3º 4º | Promocionan |
| do 13º ao 18º | 5º 6º | 5º 6º | 5º 6º | |
| do 18º ao 24º | 7º 8º | 7º 8º | 7º 8º | |
| do 25º ao 30º | 9º 10º | 9º 10º | 9º 10º | |



volta. A clasificación de cada unha destas franxas resolverase cos mesmos criterios clasificatorios sinalados neste regulamento.

Ao remate da fase clasificatoria obtéñense os postos definitivos da segunda división e se coñece o Campión, Subcampión e Terceiro clasificado da segunda división.

9.3 Ascensos, descensos e promocións

En primeira división descenderán os equipos situados entre os postos **15º a 20º** (ambos incluídos) e xogarán a fase de promoción os equipos situados entre os postos **9º a 14º** (ambos incluídos).

En segunda división ascenderán os **6 primeiros clasificados** (o 1º e 2º de cada grupo) e xogarán a fase de promoción o **3º e 4º** de cada grupo, que se corresponderán cos que queden clasificados do **7º ao 12º** ao rematar a fase de clasificación.

Os equipos que gañen a promoción xogarán a seguinte tempada en primeira división e os equipos que perdan a promoción xogarán a seguinte tempada en segunda división.

A promoción de equipos disputarase a ida e volta a catro partidas cada unha, sendo a volta na casa do equipo de 2ª división.

Enfrontaranse do seguinte xeito:

- 1) O mellor clasificado do grupo que promociona de 1ª división co último clasificado do grupo que promociona de 2ª.
- 2) 2º do grupo que promociona de 1ª división co penúltimo do grupo que promociona de 2ª.
- 3) E así sucesivamente....

Criterios para gañar a Promoción:

1. O equipo que mais partidas gañe na suma dos dous enfrontamentos.
2. O equipo que mais xogos gañase na suma dos dous enfrontamentos.
3. En caso de empate, gañarán a promoción os equipos mellor clasificados segundo o posto de promoción de cada división.

| Enfrontamentos da promoción | | |
|-----------------------------|----|------------------|
| PRIMEIRA DIVISIÓN | | SEGUNDA DIVISIÓN |
| 9º | vs | 12º |
| 10º | vs | 11º |
| 11º | vs | 10º |
| 12º | vs | 9º |
| 13º | vs | 8º |
| 14º | vs | 7º |

No caso de que un dos equipos que gañaran o dereito de xogar a seguinte tempada en primeira división desaparecera, a praza vacante de primeira división será ocupada polo equipo de segunda división mellor clasificado na liga que xogou a promoción e a perdeu, e así sucesivamente. No hipotético caso de que tódolos equipos de segunda división gañaran a promoción, ou por aplicación do sinalado neste parágrafo, ocuparán a praza vacante de en primeira división o equipo da primeira división mellor clasificado na liga que xogou a promoción e a perdeu, e así sucesivamente.

No caso de non haber equipos dispoñibles dos que xogaron a promoción, o posto será ocupado polo equipo de 1ª mellor clasificado na liga e que descendera, e así sucesivamente.

Artigo 10. Clasificación.

A clasificación dos equipos será polo número de puntos obtidos. En caso de empate a puntos aplicarase o disposto nos artigos 12 e 13.

Ao final da tempada, aos efectos de organización dos grupos e categorías para a seguinte liga, realizarase unha **Clasificación Final** conxunta e correlativa de tódolos equipos (de tódalas divisións) que participaron na Liga.



10.1 Clasificación Final

Unha vez rematada a liga (fase regular, fase clasificatoria de segunda e maila promoción) para a organización da seguinte tempada, os equipos participantes ordenaranse segundo os seguintes criterios:

- 1) Primeiros clasificados os equipos que xogaron na 1ª división e non disputan a promoción, na orde que quedaron na clasificación da Liga.
- 2) A continuación, situaranse os equipos que xogaron en 1ª división e gañaron a promoción, ordenados segundo a clasificación da Liga.
- 3) A continuación, situaranse os equipos de 2ª división que ascenden directamente, ordenados segundo a clasificación da Liga.
- 4) A continuación, situaranse os que xogaron a 2ª división e gañaron a promoción, ordenados segundo a clasificación da Liga.
- 5) A continuación, situaranse os que xogaron en 1ª división e perderon a promoción, ordenados segundo a clasificación da Liga.
- 6) A continuación, situaranse os equipos de 1ª división que descenden directamente, ordenados segundo a clasificación da Liga.
- 7) A continuación, situaranse os que xogaron a 2ª división e perderon a promoción, ordenados segundo a clasificación da Liga.
- 8) Pechan a clasificación o resto de equipos de 2ª división, ordenados segundo a clasificación da Liga.

Os novos equipos inscritos para a seguinte tempada, serán engadidos ó listado da clasificación final en estrito orde de inscrición.

10.2 Distribución dos grupos de segunda división

Ao inicio da liga distribuiranse os equipos nos grupos da segunda división, segundo a clasificación final, do seguinte xeito:

| A | B | C |
|----|----|----|
| 21 | 22 | 23 |
| 26 | 25 | 24 |
| 27 | 28 | 29 |
| 32 | 31 | 30 |
| 33 | 34 | 35 |
| 38 | 37 | 36 |
| 39 | 40 | 41 |
| 44 | 43 | 42 |
| 45 | 46 | 47 |
| 50 | 49 | 48 |

Artigo 11. Baixa de equipos

Se un equipo deixa de competir durante a Liga (por decisión propia ou por sanción da CD):

- 1) Non computarán os seus resultados se non leva xogado o 75% dos enfrontamentos da 1ª volta.
- 2) Daranse por válidos os seus resultados se leva xogado o 75% da 1ª volta, dándose por perdidos (por un cuádruplo 5-2) os enfrontamentos que lle quedasen por disputar.
- 3) Se non chegase a xogar o 75% da 2ª volta, contabilizarán só os resultados da 1ª volta.
- 4) Se completase o 75% da 2ª volta, contarán tódolos resultados obtidos, dándose por perdidos (por un cuádruplo 5-2) só os que lle quedasen por disputar.



Artigo 12. Criterios para o desempate entre dous equipos

No caso de **EMPATE SIMPLE** entre dous equipos, para o desempate, se aplicarán os seguintes criterios e nese orde:

- 1) Clasificarase en primeiro lugar o equipo que gañou maior número de partidas no total da liga.
- 2) Se persiste o empate clasificarase en primeiro lugar o equipo que gañou maior número de partidas nos enfrontamentos xogados entre eles
- 3) Se persistise o empate clasificarase en primeiro lugar o equipo con mellor musaveraxe (diferenza de xogos gañados e perdidos) en toda a Liga.
- 4) Se persistise o empate quedaría en primeiro lugar o con mellor musaveraxe nos enfrontamentos xogados entre eles.
- 5) Se persistise o empate, quedaría en primeiro lugar o equipo que conseguira maior número de xogos gañados no total da liga.
- 6) Se persistise o empate, quedaría en primeiro lugar o equipo que conseguira maior número de xogos gañados nos enfrontamentos xogados entre eles.
- 7) Se persistise o empate, resolverase por medio de un enfrontamento entre ambos equipos en terreo neutral elixido por consenso entre os capitáns ou, de no haber acordo, imposto polo-la Comisión da Liga.

Artigo 13. Criterios para o desempate entre mais de dous equipos

No caso de **EMPATE MÚLTIPLE**: Para resolver un empate múltiple o obxectivo é buscar a maneira de convertelo nun empate simple e deste xeito aplicar o artigo anterior, utilizando para elo os seguintes criterios e neste orde:

- 1) Clasificarase en primeiro lugar o equipo que gañou maior número de partidas no total da liga, en segundo lugar o segundo que gañou mais partidas e así sucesivamente.
- 2) Se persistise o empate, os equipos empatados ordenaranse segundo os puntos obtidos considerando unicamente os enfrontamentos entre os equipos empatados. (Si neste punto, quedarán só dous equipos empatados, resolveríase como un empate simple entre dous equipos)
- 3) Se persistise o empate, ordenaranse segundo o número de partidas gañadas considerando unicamente os enfrontamentos entre os equipos empatados (Si neste punto quedarán só dous equipos empatados, resolveríase como un empate simple entre dous equipos)
- 4) Se persistise o empate, ordenaranse segundo o musaveraxe considerando no total da liga (Si neste punto quedarán só dous equipos empatados, resolveríase como un empate simple entre dous equipos)
- 5) Se persistise o empate, ordenaranse segundo o musaveraxe considerando unicamente os enfrontamentos entre os equipos empatados (Si neste punto quedarán só dous equipos empatados, resolveríase como un empate simple entre dous equipos).
- 6) Se persistise o empate, ordenaranse considerando o maior número de xogos gañados na totalidade dos enfrontamentos da liga (Si neste punto quedarán só dous equipos empatados, resolveríase como un empate simple entre dous equipos).
- 7) Se persistise o empate, ordenaranse considerando o maior número de xogos gañados considerando unicamente os enfrontamentos entre os equipos empatados (Si neste punto quedarán só dous equipos empatados, resolveríase como un empate simple entre dous equipos).
- 8) Se inda así persistise o empate múltiple, habería que xogar as partidas necesarias para resolver o empate.



CAPÍTULO III. A XORNADA DE LIGA

Artigo 14. Horarios.

O día e a hora para xogar as catro partidas de tódolos enfrontamentos serán as 20:30 horas da data sinalada no calendario. A xornada disputarase na Sede do equipo que figura como Local agás na xornada ou xornadas conxuntas que poda sinalar a Organización da Liga. Estas xornadas conxuntas, que serán anunciadas cun mínimo de 7 días de antelación, celebraranse na data, hora e local que sinale a Organización da Liga.

Como *excepción*:

1) O capitán do equipo que tivese problemas en adaptarse a ese horario, como máximo o mércores as 13 horas*, porase en contacto co capitán do equipo contrario para concretar as modificacións oportunas, adiantando partida/as ou retrasándoas o mesmo xoves, non podendo disputarse partidas despois da data sinalada para a xornada agás causas de forza maior**. Se por algún motivo non conseguise contactar co rival, deberá poñelo de inmediato en coñecemento de calquera membro da CD ou da Directiva.

2) En caso de non poñerse en contacto entre eles e que non se houbese comunicado á CD ou Xunta Directiva, sobreentendese que os dous equipos dispoñen das catro parellas para xogar o día sinalado as 20:30 horas.

3) En todo caso, para calquera dúbida ou falta de acordo entre as partes, poderase consultar á CD ou a un membro da Xunta Directiva, estando dispoñible en calquera momento a traveso do correo electrónico info@museirosourense.org.

* Para as xornadas que se xoguen en martes, permitirase contactar ao longo de todo o luns anterior. En caso de non chegar a un acordo, darase aviso á CD, como mais tardar o propio martes as 10 horas.

** Causas de forza maior: no caso de que un equipo, sen avisar ao equipo contrario e por causas de forza maior, non poida disputar unha ou mais partidas, dará aviso á Comisión Disciplinaria ou membro da Xunta Directiva para solicitar o aprazamento das partidas ou enfrontamento, sendo a Comisión Disciplinaria ou Xunta Directiva quen informe ao equipo contrario e, tras estudar os motivos expostos, poderá aprazar a xornada ou as partidas que se consideren necesarias.

Artigo 15. Protocolo de enfrontamentos.

Chegado o día e hora fixada, para dirimir os distintos enfrontamentos, É OBRIGATORIO proceder do seguinte xeito:

- 1) O capitán do equipo local facilitaralle o Acta do enfrontamento ao capitán visitante antes do comezo das partidas, que cumprimentara coas parellas que disputarán os enfrontamentos.
- 2) O capitán do equipo local, completará o Acta do enfrontamento coas parellas que decida para cada enfrontamento e mandará que tomen asento os seus xogadores.
- 3) O capitán do equipo visitante elixirá as posición na mesa dos xogadores.

No caso de que un equipo solicite adiantar (ou pospoñer) unha partida e o equipo contrario o acepte, independentemente de quen xoga como Local ou Visitante, o equipo que solicita o cambio de data/hora deberá facilitar ao equipo contrario a parella ou parellas que cambian de data/hora no momento en que se acorden os horarios. Prohíbese expresamente sinalar algún condicionante a aliñación do equipo rival para admitir un cambio de data ou hora das partidas dunha xornada. O incumprimento desta norma considerase falta grave.

Artigo 16. Os xogadores

Tódolos xogadores deberanse identificar, se así llo pide un xogador do equipo contrario, para comprobar que forman parte do equipo.



No caso de que participen xogadores non inscritos na AMOU, o equipo contrario deixará constancia na Acta do enfrontamento de dita circunstancia e o Capitán do equipo con xogador non inscrito, comunicarllo á CD ou á Xunta Directiva. En caso de non formalizar o alta do xogador como se indica no Artigo 6, considerarase a partida como se non comparecesen os xogadores e será de aplicación o indicado no Artigo 18.

Os xogadores non poderán disputar mais de unha partida por xornada. No caso de incumprimento deste punto, a partida ou partidas detectadas daráselles por perdida/as co resultado de 5-2 ou o resultado reflectido no acta no caso de ser mais desfavorable.

Artigo 17. Regulamento de xogo

O regulamento de xogo será o vixente na AMOU que se atopa publicado en: <http://reglamento.museirosourense.org/>.

Artigo 18. Puntuación.

Outorgaráselle 2 puntos ó equipo gañador; 1 punto a cada equipo en caso de empate e 0 puntos para o equipo perdedor.

Artigo 19. Actas.

Documento oficial da xornada na que se da conta do sucedido durante as partidas. É obrigatorio conservar na Sede o caderno coas Actas das xornadas disputadas debidamente cumprimentadas, que estarán a disposición da CD e da XD. O incumprimento desta obriga será obxecto de sanción.

Tódalas actas unha vez rematado o enfrontamento, deberán ser asinadas polos capitáns ou representantes de ámbolos dous equipos, anotando no espazo reservado para observacións as incidencias que se producisen para a conseguinte análise da Comisión Disciplinaria.

Considerarase Infracción Grave a negativa de firmar ou impedir a firma do Acta cando así o solicite un dos Capitáns. En caso de desacordo co sinalado na acta, o representante do equipo en desacordo reflectirá dita circunstancia no apartado de observacións.

Deberase sinalarse a hora de remate da última partida do enfrontamento.

Unha vez asinada a acta polos representantes dos equipos que disputaron o enfrontamento, deberá enviarse pola aplicación TELEGRAM, una fotografía da acta ao grupo **Comisión da XI Liga**. No caso de ter que introducir modificacións na acta una vez remitida a fotografía, utilizarase a pestana “incidencias” da aplicación online da Amou.

Artigo 20. Comunicación de Resultados.

Finalizadas tódalas partidas de cada xornada, o Capitán do equipo local remitirá os resultados do seu enfrontamento introducindoos na aplicación online da Amou habilitada a tal efecto; ademais enviará ao grupo de Telegram foto da Acta cumprimentada e o resultado final.

O envío de resultados de cada xornada realizarase ao remate do enfrontamento. Excepcionalmente, e por motivos debidamente xustificadas, admitirase que se envíe o resultado o día seguinte da data sinalada para cada xornada antes das 10:00 horas. O incumprimento deste punto ocasionará sancións que serán determinadas pola CD, considerando retraso no envío si este se realiza dentro das 48h seguintes ao límite establecido. Superadas as 48h considerarase que os resultados non foron enviados.



Artigo 21. Incidencias.

Ningunha parella estará obrigada a esperar mais de 30 minutos despois da hora oficial de comezo da partida ou da acordada entre os capitáns.

Excedido dito período de tempo, daráselle por perdida a partida ao equipo que non se presente salvo acordo de ambas partes, co resultado de 5-2 no acta, e facendo constar a ausencia da parella contraria.

Na Acta da xornada escribíranse os nomes dos xogadores convocados polo capitán a efectos de darlle a partida por perdida. No caso de que non se facilite o nome de ningún xogador, escribírase "Ausente" na Acta, dándolle por perdida a partida aos xogadores con maior EIDUM do equipo infractor que non disputasen partida ese día.

Os Capitáns dos equipos deberán poñer as posibles incidencias en coñecemento da CD ou da Xunta Directiva.

Calquera outra incidencia que algún dos capitáns considere necesario reflectir no Acta, deberá sinalarse no apartado de observacións. En caso de desacordo co sinalado na acta, o representante do equipo en desacordo reflectirá dita circunstancia no apartado de observacións e incidencias da aplicación online Amou.

Artigo 22. Protocolo de actuación en caso de conflito ou incidencias.

No caso que, no desenrolo dunha partida, xurdan desacordos, diferenzas de interpretación da normativa, actitudes pouco deportivas ou calquera outra circunstancia que perturbe o normal desenvolvemento da mesma, calquera xogador poderá solicitar a presenza dos capitáns de ambos equipos para que actúen de intermediarios e traten de reconducir a situación para poder proseguir a partida.

O capitán do equipo local consultara a normativa (é obrigatorio dispor no local dos textos dos regulamentos facilitados pola AMOU na reunión da Comisión da Liga celebrada a comezo da Liga) para aclarar o desacordo xurdido. No caso de que o desacordo xurda dun baleiro legal ou dunha definición pouco clara da normativa vixente, ó capitán do equipo local remitirá informe de dita circunstancia á CD, para que propoña resolución, que será remitida ós demais capitáns para engadir ou aclarar, nos seguintes anos ó regulamento da seguinte Liga, sendo de aplicación na presente Liga a resolución adoptada pola CD.

En caso de que persistan as discrepancias co traballo de mediación dos Capitáns, poderá acordarse suspender a partida, reflectíndose esta circunstancia no apartado de observacións da Acta, e dando traslado de xeito inmediato a CD ou XD para que resolva.

No caso de que ambos capitáns cheguen a un acordo sobre o tema en disputa e propoñan proseguir a partida tódolos xogadores deberán aceptar dito acordo, de xeito que, si algún dos xogadores pola súa conta decide abandonar a partida darase por perdida ao seu equipo sumando xogos gañados ao equipo contrario ata chegar a 5.

En caso de que persista o desacordo e finalmente se deteña a partida, é OBRIGATORIO reflectir no ACTA do xeito mais detallado posible todo o sucedido (utilizando as follas necesarias para explicalo), indicando como se atopaba a partida no momento en que esta se detivo (posición dos xogadores na mesa, xogador man, tanteo de cada parella, xogos). A partir do sinalado no ACTA a CD estudará o tema e resolverá segundo o procedemento establecido nos regulamentos da AMOU.



CAPÍTULO IV. RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 23. Normas xerais.

Calquera socio que teña coñecemento de algunha infracción, comunicarllo a calquera membro da CD, da Xunta Directiva ou no correo electrónico info@museirosourense.org

Do mesmo xeito, tódalas infraccións e as sancións que supoñan suspensión de partidas ou supresión de puntos, serán comunicadas ós membros da Comisión da Liga.

Tódalas comunicacións que se realicen entre Capitáns, Comisión Disciplinaria, Comisión da Liga, Xunta Directiva... realizaranse por correo electrónico, Whatsapp ou Telegram, quedando deste xeito constancia dos horarios.

Artigo 24. Protocolo de actuación da Comisión Disciplinaria.

A Comisión Disciplinaria escoitará en período de información aos Capitáns dos equipos afectados e aos xogadores implicados nas 48 horas seguintes ao aviso da suposta infracción.

Nos seguintes 7 días, a Comisión Disciplinaria estudara o acontecido e fará a proposta de resolución de maneira xustificada, en base ao presente Regulamento da Liga e resto de Regulamentos e Estatutos da AMOU, á Xunta Directiva, que a comunicará aos Capitáns dos equipos afectados, que terán 48 horas para presentar alegación á proposta de resolución. En caso de sancións que acarreen suspensións a xogadores ou sexan infraccións Moi Graves, a Xunta Directiva comunicarllo á Comisión da Liga.

Tódalas comunicacións de sancións definitivas serán efectuadas mediante correo electrónico á conta que os Capitáns facilitaron segundo o Artigo 3 do presente Regulamento. Para comunicacións coa Xunta Directiva, ademais dos facilitados polos membros da Xunta Directiva, estará dispoñible info@museirosourense.org.

Artigo 25. Tipos de infraccións.

- 1) Leves.
- 2) Graves.
- 3) Moi Graves.

Artigo 26. Tipos de sancións.

- 1) Amoestación.
- 2) Supresión de puntos.
- 3) Suspensión do dereito a xogar.
- 4) Expulsión de xogadores.
- 5) Expulsión de equipos.

Artigo 27. Infraccións LEVES.

- 1) Cantas infraccións do presente procedemento ou regulamento de xogo se cometan por primeira vez e non estean previstas nos apartados de infraccións graves e moi graves.
- 2) A falta de respecto e consideración para con outro xogador no transcurso da Liga.
- 3) O retraso no envío dos resultados dunha xornada por parte do Capitán.

Todas as infraccións leves sancionaranse con amoestacións.



Artigo 28. Infraccións GRAVES.

- 1) O retraso no envío dos resultados de dúas xornadas de Liga por parte do capitán. Sanción de 1 punto.
- 2) Que o Capitán dun equipo, ou persoa que o substitúa, non envíe á AMOU os resultados da xornada nos prazos establecidos. Sanción de 1 punto a 2ª primeira vez, 3 puntos a 3ª vez, e 5 puntos cada unha das veces seguintes.
- 3) O incumprimento dun mandato da CD, XD ou da Asemblea, sempre que se produza por primeira vez e que non altere de forma notoria a actividade de Asociación nin os seus fines. Sanción de 2 xornadas de suspensión aos infractores.
- 4) Os malos tratos de palabra ou obra a outro xogador ou terceiro durante o transcurso dunha competición ou reunión dun órgano ou comisión. Sanción de 2 xornadas de suspensión.
- 5) A acumulación de dúas faltas leves no período de seis meses, a contar dende a data da primeira leve. Sanción de 2 xornadas de suspensión ou 3 puntos segundo sexa unha infracción individual ou colectiva.
- 6) No caso de que o Capitán dun equipo, ou persoa que o substitúa, non envíe a AMOU os resultados da xornada nos prazos establecidos en 3 ocasións, o capitán perdera esta condición e o equipo debera nomear un novo capitán.
- 7) A negativa de firmar ou impedir a firma do Acta cando así o solicite un dos Capitáns. Sanción de 1 punto a primeira vez, 3 puntos a 2ª vez, e 5 puntos a 3ª vez.
- 8) Sinalar algún condicionante a aliñación do equipo rival para admitir un cambio de data ou hora das partidas dunha xornada. Sanción de 1 punto a primeira vez, 3 puntos a 2ª vez, e 5 puntos a 3ª vez.

Artigo 29. Infraccións MOI GRAVES.

Sancionaranse coa expulsión do xogador, xogadores ou do equipo, por un prazo non inferior a 6 meses e podendo chegar a ser definitivo, as seguintes:

- 1) Incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente a outros xogadores ou equipos.
- 2) Non cumprir ou inducir a outros socios a que non cumpran os acordos da Comisión ou da Xunta Directiva.
- 3) Falsificación de documentos, firmas ou datos análogos, propios da competición.
- 4) A acumulación de dúas faltas graves no período dun ano a contar dende a data da primeira falta grave.
- 5) Que o equipo non envíe á AMOU os resultados da xornada nos prazos establecidos en 5 ocasións.
- 6) Se unha Sede non dispón dos medios necesarios para o correcto desenrolo da xornada de Liga (dispoñibilidade de mesas, cartas, amarracos, tapetes...) en tres ocasións será motivo de sanción con veto á Sede durante a Tempada en curso e a seguinte Tempada.

O equipo cuxa Sede fose Vetada, comunicará, á maior brevidade posible, a localización da súa nova Sede á Xunta Directiva para que o comunique ó resto dos equipos rivais. Mentres non comunique cal será o establecemento da súa nova Sede, deberán xogar as partidas que lles correspondería xogar como local, na Sede do equipo rival, debendo adaptarse ás datas e horarios que por necesidades do local poida impor o equipo ou Sedes rivais.